



Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Información xeral do centro

Pode atopar toda a información do centro e as titulacións na páxina web:

<https://fccxxt.webs.uvigo.es>

Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V08M104V01101	Seguridade Social Complementaria	1c	3
V08M104V01102	Dereito do Traballo e Crise da Empresa	1c	3
V08M104V01103	Xestión da Prevención de Riscos Laborais	1c	3
V08M104V01104	Aspectos Macroeconómicos e Territoriais do Mercado de Traballo	1c	3
V08M104V01105	Xestión Tributaria	1c	6
V08M104V01106	Análise Contable	1c	3
V08M104V01107	Aspectos Xurídicos-Laborais en Materia de Igualdade	1c	3
V08M104V01201	Auditoría Sociolaboral	2c	6
V08M104V01202	Xestión Laboral e da Seguridade Social	2c	6
V08M104V01203	Seguridade Social Comunitaria	2c	3
V08M104V01204	Réxime Fiscal das Relacións Laborais	2c	3
V08M104V01205	Empresas, Traballadores e Dereito Tributario Transnacional	2c	3
V08M104V01206	Políticas Sociolaborais	2c	3
V08M104V01207	Dirección Estratéxica de Recursos Humanos	2c	3
V08M104V01208	A Simulación como Ferramenta de Deseño de Políticas de Recursos Humanos	2c	3

V08M104V01209	Xestión do Coñecemento	2c	3
V08M104V01210	Liderado e Habilidades Directivas	2c	6
V08M104V01211	As Dúas Visións do Conflito Laboral	2c	3
V08M104V01212	Xestión da Seguridade Social	2c	3
V08M104V01213	Iniciativa Emprendedora	2c	3
V08M104V01214	Relacións Transfronterizas no Marco da Unión Europea. Introducción ao Dereito Social Portugués	2c	6
V08M104V01215	Organización da Prevención na Empresa	2c	6
V08M104V01216	Técnicas de Negociación Colectiva	2c	3
V08M104V01217	Medidas de Solución de Conflitos	2c	3
V08M104V01218	Administración Laboral e Dereito Sancionador do Traballo	2c	6
V08M104V01219	Prácticas Externas	2c	6
V08M104V01220	Traballo de Fin de Máster	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Seguridade Social Complementaria**

Materia	Seguridade Social Complementaria			
Código	V08M104V01101			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dereito público especial Dpto. Externo			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, Jaime			
Profesorado	Cabeza Pereiro, Jaime Leyenda Martínez, Luis Esteban Trillo García, Andrés Ramón			
Correo-e	jcabeza@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecer o marco institucional e as medidas máis habituais de protección social complementaria ao nivel básico da Seguridade Social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
B2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
B3	Saber recoñecer os aspectos económicos da Seguridade Social e das Relacións Laborais.
B4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer das institucións de Seguridade Social Complementaria	B1 B3
Dominar en concreto as institucións do pilar complementario de Seguridade Social: planes e fondos de pensións, mutualidades de previsión social, fundacións e seguros.	A3 B1 B4 B5
Ser quen de asesorar a empresas e a traballadores para a implementación de sistemas de protección de índole profesional.	A2 A3 B2
Ser quen de asesorar a autónomos e individuos na planificación individual da súa protección social.	A2 A5 B2 B4
Estar en condicións de asesorar no campo da protección social complementaria.	A5 B2 B4 B5

Contidos

Tema	
Tema 1. PROTECCIÓN SOCIAL COMPLEMENTARIA: XERALIDADES.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción e evolución histórica. 2. Marco normativo. A protección social na Constitución. 3. Clasificación e características: a) Protección social complementaria pública. b) Protección social complementaria privada. 4. Acción social na empresa e negociación colectiva: participación dos traballadores. 5. Igualdade e non discriminación por razón de sexo e xénero na protección social.
Tema 2. SEGURIDADE SOCIAL E PROTECCIÓN SOCIAL COMPLEMENTARIA PÚBLICA	<ol style="list-style-type: none"> 1. A asistencia social e os servizos sociais no sistema de Seguridade Social español. 2. Protección social a cargo do Estado: axudas para vítimas de violencia de xénero e outros supostos. 3. Protección social a cargo das Comunidades Autónomas: lexislación autonómica de asistencia social. 4. Asistencia social e prestacións non contributivas.
Tema 3. MELLORAS VOLUNTARIAS NAS PRESTACIÓNS DE SEGURIDADE SOCIAL	<ol style="list-style-type: none"> 1. Delimitación legal. Concepto e caracteres. 2. Modalidades: a) Melloras voluntarias de prestacións, en xeral b) Complemento da prestación de incapacidade temporal. c) Mellora da prestación por desemprego. 3. Formas de establecemento: decisión unilateral do empresario. Acordo individual. Convenio colectivo. 4. Modificación e supresión das melloras voluntarias. 5. Modos de xestión e financiamento.
Tema 4. MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL E FUNDACIONES LABORAIS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Mutualidades de previsión social: a) Concepto e clases. Mutualidades de previsión complementaria. Mutualidades substitutivas da Seguridade Social. Mutualidades de colexios profesionais. b) Constitución e funcionamento. c) Prestacións, dereitos e deberes dos mutualistas. 2. Fundacións laborais. a) Concepto e definición. b) Constitución, elementos das fundacións laborais e réxime xurídico.
Tema 5. PLANS E FONDOS DE PENSÍONS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os plans de pensións. a) Fontes normativas e concepto. b) Tipoloxía: polos suxeitos e polas prestacións. c) Principios. d) Constitución e dinámica dos plans. e) Continxencias, prestacións e dereitos consolidados. f) Planificación financeiro-fiscal. 2. Os fondos de pensións: réxime financeiro.
Tema 6. O CONTRATO DE SEGURO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto e características. 2. Tipos de seguro. 3. Seguros de vida e xubilación. Plans de xubilación. 4. Seguros de continxencias profesionais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	19	34
Estudo de casos	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos principais da materia obxecto de estudo, con orientación das fontes de estudo e prantexamento das cuestións máis conflitivas existentes.
Estudo de casos	Prantexamento e resolución de casos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. A tal fin, o docente propondrá a resolución de supostos de feito ou o comentario de sentenzas, para a súa posterior discusión en clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Estudo de casos/análises de situacións

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Valorarase a asistencia a clase e a participación activa dos estudantes: dúbidas, opinións e comentarios.	30	
Estudo de casos	Realizaranse dúas prácticas en relación cos contidos teórico-prácticos da materia. A cualificación de cada un deles será dun 15 por 100 da nota total.	30	
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizará unha proba tipo test na que serán avaliados os coñecementos da materia.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o presente curso.

1ª CONVOCATORIA (febreiro):

Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación:

a) **Avaliación continua.** Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais.

A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes:

- Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 30%
- Exercicios prácticos: 30%
- Proba tipo test: 40%

As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. **A suxestión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL**

b) **Avaliación final.** Aqueles alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

2ª CONVOCATORIA (xullo):

Acudirán a convocatoria de xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao Sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria.

De ter optado polo Sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservaríanse para a convocatoria de xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarían, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CABEZA PEREIRO, J. y FERNANDEZ PRIETO, M. (dirs.), **Manual de Protección Social Complementaria**, 1, Tecnos, 2017
 CABEZA PEREIRO, J. (coord.), **Mejoras voluntarias en materia de protección social en la negociación colectiva**, MTES, 2023

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V08M104V01219
 Traballo de Fin de Máster/V08M104V01220

Outros comentarios

Convén que se teñan coñecementos previos do sistema español de Seguridade Social.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito do Traballo e Crise da Empresa**

Materia	Dereito do Traballo e Crise da Empresa			
Código	V08M104V01102			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS 3	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Serrano Espinosa, Germán María			
Profesorado	Serrano Espinosa, Germán María			
Correo-e	germanmariaserrano@gmail.com			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudiarase a repercusión da crise económica nas relacións laborais, en especial, as medidas de redución de xornada ou suspensión, despidos colectivos e as situacións de concurso e a súa repercusión para os traballadores.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
B2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
B3	Saber recoñecer os aspectos económicos da Seguridade Social e das Relacións Laborais.
B4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.
B8	Coñecer os dereitos e obrigas dos traballadores e das distintas frmas de extinción do contrato de traballo.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social	B1
Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.	B2
Saber recoñecer os aspectos económicos da Seguridade Social e das Relacións Laborais.	B3
Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.	B4
Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.	B5
Coñecer os dereitos e obrigas dos traballadores e das distintas frmas de extinción do contrato de traballo.	A2
Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de constextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	A3
Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	A4
Que os estudantes posean as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.	A5

Contidos	
Tema	
Tema 1: Introducción a materia. Conceptos básicos.	<ul style="list-style-type: none"> - Presupostos configuradores. Especial referencia ao traballo [por conta allea] e a dependencia. O traballo na era dixital. - Exclusiones legais. - Relacións laborais de carácter especial. - Outras. Referencia a traballos singulares.
Tema 2: Contexto histórico normativo e xurisprudencial	<ul style="list-style-type: none"> - A crise económica como crise nas relacións laborais. - As diferentes reformas laborais: dereito de crise. Unha visión xudicial. Da flexibilidade externa á flexibilidade interna. Referencia especial á doutrina recente do TJUE sobre a temporalidade, e o TEDH sobre os dereitos fundamentais.
Tema 3: Medidas de flexibilidade interna.	<ul style="list-style-type: none"> - Modificación substancial das condicións de traballo. - Mobilidade xeográfica. - Suspensión do contrato. - Redución e adaptación de xornada: a sempre necesaria obrigación de negociar. - O descolgue de convenio. - A suspensión por forza maior
Tema 4: Despedimento colectivo e despedimento obxectivo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción	<ul style="list-style-type: none"> - Concepto e causas. - O proceso especial do artigo 124 da Lei Reguladora da Xurisdición Social - Colectivización da lexislación laboral. - Referencia ao proceso de conflito colectivo - Relacións laborais en situacións de concurso. Problemas laborais do concurso: *personación, intervención dos traballadores e sindicatos, extinción da relación laboral, Fondo de Garantía Salarial, demandas de rescisión, despedimento tácito.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	19	34
Estudo de casos	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	A asistencia do alumno será valorada, así como, de maneira especial, unha participación activa nas sesións, materializada no enfoque de preguntas ou cuestións relacionadas co tema de estudo	30	

Estudo de casos	Ao longo do período lectivo, o alumno realizará dous exercicios prácticos relacionado cos contidos da materia, representando o 30% da nota.	30
Exame de preguntas obxectivas	O alumno/a realizará unha proba de tipo test na que se avaliará coñecemento teórico e práctico da materia.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria realizaranse nas datas e horarios indicados no calendario oficial, debidamente publicados, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Xestión do Traballo para o presente curso. 1ª convocatoria (febreiro): Os estudantes poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación: a) Avaliación continua. Para enviar ao sistema de avaliación continua, o estudante debe demostrar a súa asistencia 80% das sesións de contacto. Aos efectos da avaliación continua, consideraranse os seguintes aspectos: - Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 30% - Casos prácticos: 30% - Proba test: 40%

As tarefas e os exames de avaliación levarán a cabo durante o período de ensino correspondente. A suxestión de sistema de avaliación continua, ao completar tarefas escritas e probas escritas, EXCLUÍR UNHA POSIBILIDADE DE ENVIARSE Ao SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL.

b) Avaliación final. Aqueles estudantes que non participen no sistema de avaliación continua serán avaliados a través dun exame final que consiste nunha proba escrita, relacionada con todos os contidos teóricos e prácticos da materia. Devandito exame representará o 100% da cualificación final. 2ª convocatoria (xullo): Asistirán á convocatoria de xullo, aqueles estudantes que se foron sometidos ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non pasaron o tema en primeira convocatoria. Si optou polo Sistema de Avaliación Continua, as notas obtidas no mesmo conservaranse para a convocatoria de xullo. Con todo, si o alumno non aproba a materia nesta última convocatoria, as notas de avaliación continua antes mencionadas non se conservarán.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AAVV, **Derecho del Trabajo**, Última edición, Tirant lo Blanch,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V08M104V01219

Traballo de Fin de Máster/V08M104V01220

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Seguridade Social Complementaria/V08M104V01101

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xestión da Prevención de Riscos Laborais**

Materia	Xestión da Prevención de Riscos Laborais			
Código	V08M104V01103			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público especial Dpto. Externo			
Coordinador/a	Pazos Perez, Alexandre			
Profesorado	Fernández Rey, Emilia Martínez Araújo, María Araceli Megías Bas, Antonio Pazos Perez, Alexandre			
Correo-e	alexpazos@uvigo.es			
Web	http://http://masterlaboral.es/			
Descrición xeral	Esta materia pretende realizar un estudo sobre cómo se debe organizar a xestión da prevención dos riscos laborais nas empresas, prestando especial atención ás fórmulas para acadar a integración da prevención no sistema de xestión xeral da empresa. Porén, descríbese as distintas fases que permiten realizar a xestión do proceso de prevención de riscos laborais, realizando especial fincapé na planificación, organización e economía da prevención, así como na aplicación específica da prevención en sectores con características especiais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
B2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
B4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.
B6	Planificar e organizar a prevención dos riscos laborais nas empresas.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resultados previstos na materia	A1 A2 A3
Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente a xestión da prevención de riscos laborais.	B1 B2 B4 B5 B6

Contidos

Tema

TEMA 1: INTRODUCCIÓN XERAL Á PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Conceptos básicos de prevención de riscos laborais. 2. Marco normativo da prevención de riscos laborais. 3. O sistema de xestión da prevención de riscos laborais obrigatorio. 4. Referencia aos sistemas de xestión voluntarios. 5. Outros tipos de certificacións, adhesións e compromisos relacionados cos sistemas de xestión voluntarios.
TEMA 2: O SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS OBRIGATORIO	<ol style="list-style-type: none"> 1. A política preventiva na empresa. 2. O plan de prevención de riscos como ferramenta clave na integración da prevención. 3. A integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.
TEMA 3: PROCEDEMENTOS DO SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Avaliación de riscos laborais. <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Metodoloxías de avaliación en función dos diferentes tipos de riscos. 2. Planificación da actividade preventiva. 3. Compra de EPIS, materiais e produtos. 4. Información e formación dos traballadores en materia preventiva. 5. Medidas de emerxencia e actuacións fronte a situacións de risco grave e inminente. 6. Vixilancia da saúde. 7. Coordinación de actividades empresariais. 8. Traballadores especialmente sensibles: especial referencia á protección da maternidade.
TEMA 4: O SISTEMA DE XESTIÓN DOS ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Notificación á Administración Laboral. 2. Investigación de accidentes. 3. Xestión da documentación.
TEMA 5: A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA NA EMPRESA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Funcións técnico-preventivas e niveis de cualificación. 2. Modalidades de organización preventiva empresarial: <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Asunción persoal polo empresario da actividade preventiva; 2.2. Designación de traballadores; 2.3. Servizo de prevención propio; 2.4. Servizos de prevención alleos; 2.5. Servizos de prevención mancomunados. 3. Referencia aos recursos preventivos.
TEMA 6: A PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES NA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	<ol style="list-style-type: none"> 1. O dereito de información, consulta e participación dos traballadores. 2. A representación especializada en materia de prevención de riscos laborais: <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Delegados de Prevención; 2.2. Comité de Seguridade e Saúde.
TEMA 7: O SISTEMA DE RESPONSABILIDADES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	<ol style="list-style-type: none"> 1. O sistema de responsabilidades: <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Responsabilidade administrativa; 1.2. Responsabilidade penal; 1.3. Responsabilidade civil; 1.4. Recarga de prestacións.
TEMA8: As AUDITORÍAS DO SISTEMA DE PREVENCIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tipoloxía: auditorías obrigatorias e auditorías voluntarias. 2. Empresas auditoras. Requisitos. 3. Proceso de auditoría.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	19	34
Estudo de casos	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías do profesorado da materia e/ou o correo electrónico no que poden solicitarse poden consultarse na páxina web da Facultade e/ou na páxina web do Máster, en función do docente da materia a quen se solicita orientación.

Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías do profesorado da materia e/ou o correo electrónico no que poden solicitarse poden consultarse na páxina web da Facultade, en función do docente da materia a quen se solicita orientación.
-----------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Os profesores atenderán todas as dúbidas plantexadas polos estudantes.
Lección maxistral	Os profesores atenderán todas as dúbidas plantexadas polos estudantes.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías do profesorado da materia e/ou o correo electrónico no que poden solicitarse poden consultarse na páxina web da Facultade nas seguintes ligazóns, en función do docente da materia a quen se solicita orientación	30	B1 B2
Estudo de casos	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías do profesorado da materia e/ou o correo electrónico no que poden solicitarse poden consultarse na páxina web da Facultade nas seguintes ligazóns, en función do docente da materia a quen se solicita orientación	30	A1 A2 A3
Exame de preguntas obxectivas	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. As titorías do profesorado da materia e/ou o correo electrónico no que poden solicitarse poden consultarse na páxina web da Facultade nas seguintes ligazóns, en función do docente da materia a quen se solicita orientación	40	B4 B5 B6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o presente curso.

1ª CONVOCATORIA (xaneiro/febreiro):

Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación:

a) **Avaliación continua.** Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes:

- Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 30%
- Exercicios prácticos: 30%
- Proba tipo test: 40%

As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. **A suxestión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, NON EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL**

b) **Avaliación final.** Aqueles alumnos que non se acollan ou que renuncien ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

2ª CONVOCATORIA (xuño/xullo):

Acudirán a convocatoria de xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao Sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria, así como quen non se presentara.

De ter optado polo Sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservarás para a convocatoria de xuño/xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarás, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

OUTRAS INDICACIÓNS:

O exame final terá lugar, nas distintas convocatorias, na data, horario e lugar especificados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica para o presente curso académico. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudantado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático. En todos os casos, as probas realizadas permitirán avaliar o resultado de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

INSHT, **Manual de procedimientos de prevención de riesgos laborales. Guía de elaboración**, última edición,

FREMAP, **Manual de gestión de prevención de riesgos laborales**, última edición,

INSHT, **Notas Técnicas de Prevención: Gestión de la PRL en la empresa**, última edición,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Organización da Prevención na Empresa/V08M104V01215

DATOS IDENTIFICATIVOS**Aspectos Macroeconómicos e Territoriais do Mercado de Traballo**

Materia	Aspectos Macroeconómicos e Territoriais do Mercado de Traballo			
Código	V08M104V01104			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Vaquero García, Alberto			
Profesorado	Vaquero García, Alberto			
Correo-e	vaquero@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Avaliación, dende a perspectiva económica, dos principais aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de trabajo			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
B2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
B4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resultados previstos na materia	A1 A2 A3
Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente os aspectos macroeconómicos e territoriais	B1 B2 B4

Contidos

Tema	
Tema 1: Introducción a economía laboral	Cuestións básicas de economía laboral. Perspectiva microeconómica e macroeconómica
Tema 2: Emprego e paro	Introdución teórica do emprego e desemprego. Evolución en España e dende unha perspectiva comparada
Tema 3: O papel do sector público no mercado de traballo.	Análise das principais políticas económicas sobre o mercado de traballo. Política laboral. Política de rendas.
Tema 4: O financiamento da Seguridade Social en España	O concepto de Seguridade Social. Argumentos para un sistema de seguridade social público. Modelos de Seguridade social. A crise financeira da Seguridade Social en España. Modelo e organización da Seguridade Social

Tema 5: A incidencia da Seguridade Social sobre as variables básicas do mercado de traballo.	Efectos do mercado de traballo sobre o sistema da Seguridade Social. Efectos do cambio demográfico sobre a Seguridade Social. Efectos do desemprego e inactividade sobre a Seguridade
Tema 6: Efectos económicos da discriminación sobre o mercado de traballo	Variables que inciden sobre a discriminación laboral no mercado de traballo. Incidencia económica das mesmas. Actuacións para combater a discriminación laboral
Tema 7: Aspectos territoriais do mercado de traballo	Mercados de traballo local. Especial incidencia ao mercado de traballo en Galicia
Tema 8: Políticas activas e pasivas no mercado laboral	Principais actuacións en materia laboral desde a perspectiva das políticas activas e pasivas de emprego. Incidencia sobre a economía. Principais resultados
Tema 9: Análise das principais fontes estatísticas para o estudo do mercado de traballo desde unha perspectiva económica	Principais fontes estatísticas para o estudo do mercado laboral

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	4	16	20
Lección maxistral	15	19	34
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Para cada tema o docente presentará na aula as cuestións mais relevantes e formulará a metodoloxía a seguir para interpretar as consecuencias e efectos prácticos da norma tributaria. Posteriormente o alumno deberá revisar de forma autónoma os contidos expostos.
Estudo de casos	Se plantearán casos e exemplos sobre a casuista da materia

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	A o largo do período docente o alumno realizará dous exercicios prácticos relativos ós contidos da materia, representando un 30% da nota final.	30	
Lección maxistral	Valorarase a asistencia do alumno, así como, de maneira especial, a participación activa nas sesións, materializada no plantexamento de dúbidas ou cuestións relacionadas coa temática obxecto de estudo	30	
Exame de preguntas obxectivas	O alumno realizará unha proba tipo test na que serán avaliados os seus coñecementos teóricos e prácticos da materia.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os/as alumnos poderán acollerse aos seguintes sistemas de avaliación:

Avaliación continua. Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar unha porcentaxe mínima de asistencia as sesións presenciais. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

Para superar a materia por avaliación contínua deben cumprirse tres condicións:

1. Acreditar a asistencia ao 80% das sesións presenciais
2. Alcanzar polo menos un 25% da nota das dúas probas realizadas (estudos de casos e exame de preguntas obxectivas).

2. Obter polo menos 5 puntos na suma das metodoloxías/probas de avaliación propostas.

A suxestión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, non exclúe a posibilidade de someterse ao sistema de avaliación final

b)Avaliación final. Aqueles alumnos que non se acollan ou que renunciaren ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

2ª CONVOCATORIA (xuño/xullo): Acudirán a convocatoria de xuño/xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao Sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria, así como quen non se presentara. O alumnado será avaliado mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

OUTRAS INDICACIÓNS: O exame final terá lugar, nas distintas convocatorias, na data, horario e lugar especificados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica para o presente curso académico. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudiantado matriculado.

De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático. En todos os casos, as probas realizadas permitirán avaliar o resultado de aprendizaxe.

Observación: Cualquier evidencia de tarefas plaxiadas ou copiadas, total ou parcialmente, supondrá una cualificación de 0 na parte de estudo de casos

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Consejo Económico y Social, **Economía, Trabajo y Sociedad**, CES, Varios años

McConnell, C. R., Brue, S. L. y Macpherson, D. A., **Economía Laboral**, Mac GrawHill, Última disponible

INE, Fuentes estadísticas,

MTSS, **Fuentes estadísticas**, Última disponible

Consello Galego de Relacións Laborais, **Memoria**, CGRL, Última disponible

Linbeck, A., **PARO Y MACROECONOMÍA**, Alianza Editorial, Última disponible

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V08M104V01219

Traballo de Fin de Máster/V08M104V01220

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xestión Tributaria**

Materia	Xestión Tributaria			
Código	V08M104V01105			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Vaquero García, Alberto			
Profesorado	Vaquero García, Alberto			
Correo-e	vaquero@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	A materia ten coma obxectivos a profundización en os conceptos e categorías propios da fiscalidade así como o estudo dos procedementos de aplicación dos tributos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	A5

Contidos

Tema	
I. Caracterización do Sistema Fiscal Español e bases para a fiscalidade empresarial	O papel dos Impostos na realidade económica. Composición do Sistema Fiscal. Características básicas das principais figuras tributarias.
II. Conceptos tributarios básicos	Elementos esenciais dos tributos.
III. Aspectos básicos dos procedementos tributarios.	Tipos de declaracións. Información e asistencia aos obrigados tributarios. Normas comúns dos procedementos tributarios. Obrigación de resolver: prazos e efectos. A proba. As notificacións.
IV. Os procedementos de xestión, inspección e recadación de tributos.	Elementos básicos, implicacións e consecuencias do procedemento de xestión, inspección e recadación de tributos
V. O procedemento sancionador en materia tributaria.	Revisión dos actos tributarios. Recursos e reclamacións.
VI. A liquidación dos tributos I.	Aspectos básicos da fiscalidade persoal: Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
VII. A liquidación dos tributos II.	Aspectos básicos das operacións empresariais e profesionais: Imposto sobre Sociedades e Imposto sobre o Valor Engadido.
VIII. A liquidación dos tributos III.	Análise xeral doutras figuras de relevancia fiscal. Recomendacións para optimizar a factura fiscal.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Estudo de casos	17	30	47
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	40	40
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

